



A ficción
son eu; os outros, o documental. A
frase, de Jean Luc Godard. Os felices sesenta. Cando todo
puido dar unha reviravolta e a viaxe interminábel do 'Santa Liberdade'
arrivar ás costas da Galiza. Comezabamos a apalpar o corpo para ver que existiamos. E
o real pasou a ser territorio do experimental. Fíxoo, en cinema, Jorgen Leth, mestre de Von Trier e
materia do seu traballo *Five Obstruction*, un filme que expresaría esa verdade que anunciaba o JLG.
A partires dun traballo seu –JLG– dos anos sesenta: *O humano perfecto*, o director danés que vive ancorado
a meirande parte do ano na illa de Santo Domingo e na ilusión da realidade que son ron e mulleres en augas do
Caribe, préstase a un 'remake' no que terá que seguir ao pé da letra as instrucións/obstrucións de Lars von Trier incluído
o sucedáneo do seu pensamento, é dicir, Von Trier escribendo unha carta-fluxo de conciencia de Jorgen Leth para o seu antigo
estudiante Lars. Unímonos, de vez, eu e mais ti. Os outros e mais eu. A ficción como fábula. A fábula, o próximo viaxado, como realidade.
Outravolta Leth. Antropólogo, xornalista cultural nunha cabeceira de nome *Politiken* (jazz, deportes, teatro... lean, se quixeran, o meu ensaio
Del Cine-Ojo a Dogma95), animador do colectivo artístico ABCinema, experto en mudar o banal en exótico cun seu filme sentimental: *Vida na
Dinamarca*. Penso, sempre, todo o que podería facer Jorgen Leth na Galiza, e pénsoo cando lembro outra frase súa que quero incorporar a min mesma:
Tento ollar para o familiar como se me fose estraño. ¡Canto nos aprendería Leth na Galiza! Pero de seguro que o clima desanima e arestora anda por
aquelas augas fantásticas e cheas de tesouros, nas que houbo trece días perfectos nos que o mundo se chamou 'Santa Liberdade', a miña ficción particular a
traveso do mellor do real.

Os sesenta existiron. E existiron os noventa, cando un grupo pequeno pregoaba que vai artellar o retorno cara a *Nouvelle Vague*. O sinal vaise dar co desleixo
polos efectos especiais e as trucaxes, contra a interpretación e polo directo –en son, en luz, en ambiente, en equipas de custo baixo, en actores que deveñen a súa
personaxe... Os catro primeiros dános a coñecer co puño pecho e cun filme-manifesto, *Os parvos*, unha obra que reclama o lecer de facer as cousas con obstáculos.

A maior abundamento, Von Trier exhibe os brutos do seu filme, centos de horas de rodaxe, en galerías de arte: dúas televisións,
domésticas e parellas, emiten un senfín por varios



días. Están unidas por un lenzo preto nun
espazo que ideou Jean Nouvelle, o arquitecto
que veu a Galiza presentar un fermoso
proxecto para a Cidade da Cultura
que, por suposto, non gañou. O meu
preferido. En vidro. Sen esvaciarse
as entrañas do Monte Gaiás,
Onte deixei uns botíns vermellos
áxanela. ● Margarita Ledo Andión



c'est moi....